

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3210** *Real decreto 219/2013, do 22 de marzo, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos.*

#### I

Os aparellos eléctricos e electrónicos (en diante, AEE) son produtos moi complexos que xeralmente inclúen numerosas pezas e compoñentes fabricados con materiais moi diversos e de diferente natureza. Trátase basicamente de metais (férreos e non férreos), plásticos, vidros e outros materiais (madeira, caucho, cartón, etc.).

Este tipo de aparellos necesitan para o seu funcionamento unha serie de substancias que, unha vez convertidas en residuos, e se non se xestionan e tratan adecuadamente, son perigosas para o ambiente e a saúde humana. Por isto, é necesario que todas as etapas da xestión destes produtos unha vez que se converten en residuos, desde a súa recolla, almacenamento, transporte e tratamento, se fagan nunhas condicións seguras, sen se mesturaren con outros fluxos de residuos (recolla separada) e que eviten manipulacións ou roturas que poidan liberar ao ambiente estas substancias.

Os materiais que compoñen os AEE son recursos valiosos que se deben aproveitar cando se transformen en residuos, mediante a reciclaxe ou a súa valorización. Unha recuperación efectiva destes metais ou materiais é esencial, para que poidan ser utilizados na fabricación de novos AEE, evitando así o consumo de novos recursos.

Polas súas características e proliferación, os AEE e os seus residuos foron obxecto dunha normativa europea específica: a Directiva 2002/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos ou electrónicos, e a Directiva 2002/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, sobre residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos. O seus obxectivos son previr a xeración destes residuos, reducir a súa eliminación e a perigosidade dos seus compoñentes, fomentar a reutilización dos aparellos e a valorización dos seus residuos e determinar unha xestión adecuada tratando de mellorar a eficacia da protección ambiental. Estas directivas foron incorporadas ao ordenamento xurídico español mediante un só real decreto, o Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

#### II

A adopción destas directivas constituíu un importante punto de partida para a prevención e a mellora da xestión dos residuos que derivan dos aparellos eléctricos e electrónicos. Porén, un conxunto de circunstancias fixeron aconsellable a revisión deste marco regulador. Entre estas circunstancias cabe citar, en primeiro lugar, a disparidade entre as medidas adoptadas polos Estados membros en materia de restricións á utilización de substancias perigosas nos AEE, que pode constituír un obstáculo ao comercio e distorsionar a competencia na Unión Europea e, deste modo, repercutir de forma directa sobre a creación e o funcionamento do mercado interior. Por tanto, resultaba necesario establecer unha norma comunitaria que harmonizase as medidas nacionais contribuíndo, ademais, á protección da saúde humana e á valorización e eliminación adecuadas desde o punto de vista ambiental de residuos de AEE.

En segundo lugar, a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos, incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados,

concede absoluta prioridade á prevención na lexislación sobre residuos. A prevención defínese, entre outras cousas, como as medidas que reducen o contido de substancias prexudiciais en materiais e produtos.

Por último, e a pesar destas medidas adoptadas, actualmente séguense encontrando cantidades importantes de residuos de AEE que se destinan a eliminación dentro ou fóra da Unión Europea. Aínda que sexan recollidos selectivamente e enviados aos procesos de reciclaxe, é probable que os ditos residuos de AEE sigan supondo riscos para a saúde e o ambiente debido ao seu contido de substancias como o mercurio, o cadmio, o chumbo, o cromo hexavalente, os polibromobifenilos (PBB) e os polibromodifeniléteres (PBDE), especialmente cando non se tratan de forma óptima.

Todo isto concluíu coa aprobación de dúas novas directivas, que substitúen as anteriormente citadas: a Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos, e a Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

### III

A Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, supón unha importante revisión da anterior directiva, que pretende mellorar a súa aplicación, a súa coherencia con outros textos lexislativos comunitarios, e adaptala ao progreso científico e técnico. Para isto, entre outras cuestións, a nova directiva precisa con maior detalle o seu ámbito de aplicación; en particular, inclúense os produtos sanitarios e aparellos de vixilancia e control; amplíase de maneira gradual a aplicación da norma aos equipamentos eléctricos e electrónicos, cables e pezas de recambio, con vistas ao pleno cumprimento da norma no ano 2019; acláranse as definicións; prevese a revisión da lista de substancias perigosas para xullo de 2014 e de forma periódica a partir desa data. A nova directiva busca unha maior coherencia co Regulamento CE n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), e polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE, e se derrogan o Regulamento CEE n.º 793/93 do Consello e o Regulamento CE 1488/94 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión, establecendo mecanismos que permitan introducir novas prohibicións de acordo coa metodoloxía deste regulamento comunitario.

Así mesmo, establécense normas máis claras e transparentes para conceder exencións á prohibición de substancias e fíxanse períodos de validez máximos para estas exencións con obxecto de fomentar os esforzos de substitución de materiais perigosos por outros que non o sexan ou que o sexan menos. Tamén se introducen requisitos de avaliación da conformidade dos produtos para a obtención da declaración UE de conformidade, mecanismos de vixilancia do mercado, conforme o marco común para a comercialización dos produtos (Regulamento CE 765/2008, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos), e a marcación «CE» pola que se indica o cumprimento das normas europeas de produtos electrónicos, incluíndo os requisitos da directiva que este real decreto traspón.

### IV

Pola súa parte, a Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, revisa a directiva actual sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos. Entre as novidades que introduce cabe salientar o incremento dos obxectivos de recolla de residuos eléctricos, a mellora das instalacións de recolla, a introdución dunha cláusula que permite aos consumidores devolver aparellos «moi pequenos», como os teléfonos móbiles, ás tendas

de electrónica, sen teren que comprar outro aparello, a obriga de utilizar en todo momento as mellores técnicas de reciclaxe, a introdución de controis máis estritos para impedir o envío de cargamentos ilegais a terceiros países onde o tratamento dos residuos eléctricos e electrónicos pon en perigo a saúde dos traballadores e o ambiente, a redución de cargas administrativas rebaixando os requisitos de rexistro e información e o establecemento dunhas normas máis claras para evitar o cobramento, por partida dobre, dos gastos de rexistro.

## V

Aínda que no ano 2005 se optou por traspor nunha soa norma tanto a Directiva 2002/95/CE como a Directiva 2002/96/CE, ambas as dúas do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, hoxe en día os cambios substanciais que se introduciron na Directiva 2011/65/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, as modificacións que deron lugar á Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo, os diferentes ámbitos de aplicación de ambas, as especificidades das materias que abordan e a diferenza da súa base xurídica –xa que a Directiva 2011/65/UE se basea no artigo 114 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dedicado á aproximación de disposicións normativas dos Estados membros no mercado interior, mentres que a Directiva 2012/19/UE se fundamenta no artigo 192 do mesmo tratado dedicado ás competencias ambientais–, fixeron aconsellable adoptar dous reais decretos de transposición diferentes, en prol da claridade e da mellor comprensión dos seus ámbitos de aplicación. Non obstante, isto non implica que ambas as normas non estean relacionadas entre si. A lexislación sobre restrición das substancias en AEE e sobre a xestión dos RAEE son dúas pezas fundamentais que inciden no deseño dos produtos como elemento clave para avanzar na prevención e no uso eficiente dos recursos materiais dentro da política integrada do produto da Unión Europea.

Por conseguinte, mediante este real decreto incorpórase a Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, diferindo a transposición da Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, á aprobación doutro real decreto. Tamén se incorporan a Directiva delegada 2012/50/UE da Comisión, do 10 de outubro de 2012, que modifica, para adaptalo ao progreso técnico, o anexo III da Directiva 2011/65/UE no relativo a unha exención para aplicacións que conteñen chumbo, e a Directiva delegada 2012/51/UE que modifica, para adaptalo ao progreso técnico, o anexo III da Directiva 2011/65/UE no relativo a unha exención para aplicacións que conteñen cadmio.

## VI

O capítulo I do presente real decreto contén as disposicións xerais, establece o obxecto, o ámbito de aplicación, as definicións, as autoridades de vixilancia do mercado e as súas actuacións.

O obxecto do real decreto é establecer as normas necesarias para restrinxir a utilización de substancias perigosas en AEE e así contribuír á protección da saúde humana e do ambiente e facilitar a valorización e eliminación correcta desde o punto de vista ambiental dos residuos de AEE establecidos no anexo I, quedando excluídos os previstos nos anexos III e IV.

Inclúese un artigo de definicións seguindo as pautas da Directiva 2011/65/UE.

O capítulo II comprende dous artigos dedicados ás medidas de prevención e ás súas exencións. As medidas de prevención prohiben introducir no mercado AEE que conteñan as substancias do anexo II en cantidades que superen os valores máximos de concentración en peso de materiais homoxéneos, aínda que tales medidas se completan cun marco temporal de aplicación. Xunto coas substancias restrinxidas recollidas no anexo II, nos anexos III e IV establécense exencións a estas restricións ou prohibicións, aplicables aos casos concretos que se recollen nos citados anexos: o anexo III recolle as exencións de carácter xeral e o anexo IV as aplicables a produtos sanitarios e instrumentos

de vixilancia e control. Xunto con estas exencións, que operan de modo automático, no artigo 7 establécese o procedemento de aplicación de exencións logo de solicitude do interesado que se dirixirá á Comisión Europea para que se incorpore unha nova exención nos anexos III e IV da Directiva (que coinciden cos anexos III e IV deste real decreto).

Pola súa parte, o capítulo III está dedicado ás obrigas dos axentes económicos, o que supón unha importante novidade respecto á anterior normativa tanto comunitaria como nacional, xa que establece un amplo catálogo das obrigas que teñen todos os suxeitos que participan na xestión de AAE. Mentres que na anterior normativa só se recollía a figura do produtor, neste real decreto puntualízanse as obrigas dos fabricantes, os importadores e os distribuidores.

Ademais, establécese a obriga específica para os axentes económicos de ter identificado, durante 10 anos, tanto os axentes económicos que lles subministrasen un AEE como os axentes económicos aos cales llelo subministrasen.

O capítulo IV establece os requisitos da declaración UE de conformidade, así como as regras e condicións para a marcación CE.

Finalmente, o capítulo V está dedicado ao réxime de inspección, control e sanción. Os incumprimentos remítense á normativa prevista na Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios; á Lei de residuos; á Lei de industria e á Lei xeral de telecomunicacións.

En canto á parte final do real decreto, a disposición adicional única dispón que este será de aplicación sen prexuízo da normativa sobre seguridade e hixiene e sobre produtos químicos, e da normativa específica sobre a xestión de residuos

As disposicións transitorias establecen o réxime para determinados AEE e para o exercicio de competencias en materia de vixilancia do mercado.

Así mesmo, derrógase o artigo 3.a) e o anexo II do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

As disposicións derradeiras están dedicadas á definición dos títulos competenciais; fan explícito o labor de transposición do dereito comunitario que realiza o real decreto (traspón a Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos), e autorizan os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Industria, Enerxía e Turismo; e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a ditaren, conxunta ou separadamente, segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que exixan o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

## VII

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que faculta o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Esta norma ten natureza xurídica de lexislación básica de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> relativo á planificación xeral da economía, no 149.1.16.<sup>a</sup> relativo ás bases da sanidade e no 149.1.23.<sup>a</sup> de lexislación básica de protección ambiental da Constitución. Adopta a forma de real decreto dado que a natureza da materia regulada, ademais do seu carácter marcadamente técnico, resulta un complemento necesario indispensable para asegurar o mínimo común normativo e para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre bases, logrando un marco coordinado de aplicación a todo o territorio nacional.

A elaboración deste real decreto foi realizada coa participación e consulta das comunidades autónomas, das entidades locais, do Consello Asesor de Ambiente, dos sectores afectados e coa información e participación do público en xeral mediante medios telemáticos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Industria, Enerxía e Turismo; e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,

de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer normas en materia de restricións á utilización de substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos (en diante, AEE) co fin de contribuír á protección da saúde humana e do ambiente, facilitando a valorización e eliminación correctas desde o punto de vista ambiental dos residuos de AEE.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase aos AEE pertencentes ás categorías que se establecen no anexo I.

2. Este real decreto non se aplicará:

a) Aos aparellos necesarios para a protección dos intereses esenciais de seguridade do Estado e defensa nacional, incluídas as plataformas, sistemas de armas, municións e, en xeral, calquera material de guerra destinados a fins especificamente militares;

b) Aos aparellos destinados a ser enviados ao espazo;

c) Aos aparellos especificamente deseñados e que deban instalarse como parte doutro tipo de aparellos que non estean incluídos ou non pertencan ao ámbito de aplicación deste real decreto, que poidan cumprir a súa función só se forman parte dos ditos aparellos e que só poidan ser substituídos polos mesmos aparellos especificamente deseñados;

d) Ás ferramentas industriais fixas de grande envergadura;

e) Ás instalacións fixas de grande envergadura;

f) Aos medios de transporte de persoas ou mercadorías, excluídos os vehículos eléctricos de dúas rodas que non estean homologados;

g) Á maquinaria móbil non de estrada facilitada exclusivamente para usos profesionais;

h) Aos produtos sanitarios implantables activos;

i) Aos paneis fotovoltaicos previstos para seren utilizados nun sistema deseñado, ensamblado e instalado por profesionais para o seu uso permanente nun lugar definido, destinados á produción de enerxía solar para aplicacións públicas, comerciais, industriais e residenciais;

j) Aos aparellos específica e exclusivamente deseñados para fins de investigación e desenvolvemento, postos á disposición unicamente nun contexto interempresas.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

1. «aparellos eléctricos e electrónicos» ou «AEE»: todos os aparellos que necesitan corrente eléctrica ou campos electromagnéticos para funcionar adecuadamente, e os aparellos necesarios para xerar, transmitir e medir tales correntes e campos e que están deseñados para se utilizaren cunha tensión nominal non superior a 1.000 V en corrente alterna e 1.500 V en corrente continua;

2. para efectos do punto 1, «que necesitan» significa, respecto dos AEE, que precisan corrente eléctrica ou campos electromagnéticos para desenvolver polo menos unha das súas funcións previstas;

3. «ferramenta industrial fixa de grande envergadura»: un conxunto de máquinas, equipamentos ou compoñentes de grande envergadura, que funcionan xuntos para unha aplicación específica, instalados de forma permanente e desinstalados por profesionais nun lugar dado, e utilizados e mantidos por profesionais nun centro de produción industrial ou nun centro de investigación e desenvolvemento;

4. «instalación fixa de grande envergadura»: unha combinación de varios tipos de aparellos e, cando proceda, doutros dispositivos de grande envergadura, ensamblados e instalados por profesionais, destinados a un uso permanente nun lugar predefinido e específico, e desinstalados por profesionais;

5. «cables»: todos os cables cunha tensión nominal inferior a 250 volts que serven como conexión ou extensión para conectar AEE á rede ou para conectar dous ou máis AEE entre eles;

6. «fabricante»: toda persoa física ou xurídica que fabrica un AEE, ou que manda deseñar ou fabricar un AEE e o comercializa co seu nome ou marca comercial;

7. «representante autorizado»: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibiu un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en tarefas específicas;

8. «distribuidor»: toda persoa física ou xurídica da cadea de fornecemento, distinta do fabricante ou importador, que comercializa un AEE;

9. «importador»: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que introduce un AEE dun terceiro país no mercado da Unión Europea;

10. «axentes económicos»: o fabricante, o representante autorizado, o importador e o distribuidor;

11. «comercialización»: todo fornecemento, remunerado ou gratuíto, dun AEE para a súa distribución, consumo ou utilización no mercado da Unión Europea no transcurso dunha actividade comercial;

12. «introdución no mercado»: primeira comercialización de AEE no mercado da Unión Europea;

13. «norma harmonizada»: especificación técnica, de carácter non obrigatorio, adoptada por un organismo de normalización, a saber, o Comité Europeo de Normalización (CEN), o Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (Cenelec) ou o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI), no marco dun mandato da Comisión outorgado de acordo cos procedementos establecidos na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, trasposta a dereito interno español mediante o Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo;

14. «especificacións técnicas»: un documento en que se establecen os requisitos técnicos que un produto, un proceso ou un servizo debe cumprir;

15. «marcación CE»: marcación pola cal o fabricante indica que o produto é conforme con todos os requisitos aplicables establecidos na lexislación da Unión Europea de harmonización que prevé a súa colocación;

16. «avaliación da conformidade»: proceso polo cal se demostra se un AEE cumpre os requisitos deste real decreto;

17. «vixilancia do mercado»: actividades levadas a cabo e medidas adoptadas polas autoridades públicas para velar por que os AEE cumpran os requisitos establecidos neste real decreto e non entrañen un risco para a saúde e a seguridade ou para outros aspectos relacionados coa protección do interese público;

18. «recuperación»: calquera medida destinada a obter a devolución dun produto xa posto á disposición do usuario final;

19. «retirada»: calquera medida destinada a impedir a comercialización dun produto que se encontra na cadea de fornecemento;

20. «material homoxéneo»: un material de composición completamente uniforme ou un material composto por unha combinación de materiais que non se poida dividir ou separar en materiais diferentes mediante accións mecánicas consistentes en desparafusar, cortar, esmagar, pulverizar e procedementos abrasivos;

21. «produto sanitario»: un produto sanitario que se axuste á definición do artigo 2.1.a) do Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, e que sexa un AEE;

22. «produto sanitario para diagnóstico *in vitro*»: un produto sanitario para diagnóstico *in vitro* que se axuste á definición do artigo 3.b) do Real decreto 1662/2000, do 29 de setembro, sobre produtos sanitarios para diagnóstico «*in vitro*»;

23. «produto sanitario implantable activo»: un produto sanitario implantable activo que se axuste á definición do artigo 2.c) do Real decreto 1616/2009, do 26 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios implantables activos;

24. «instrumentos industriais de vixilancia e control»: instrumentos de vixilancia e control deseñados exclusivamente para uso industrial ou profesional;

25. «dispoñibilidade dun substituto»: a posibilidade de fabricar e subministrar un substituto nun prazo de tempo razoable en comparación co tempo necesario para fabricar e subministrar as substancias enumeradas no anexo II;

26. «fiabilidade dun substituto»: a probabilidade de que un AEE que utilice un substituto execute sen fallos, nunhas condicións dadas e durante un período dado, a función requirida;

27. «peza de recambio»: unha peza solta dun AEE que pode substituír unha peza dun AEE. O AEE non pode funcionar como estaba previsto sen a dita parte do AEE. A funcionalidade do AEE restablécese, ou mellora, cando a peza se substitúe por unha peza de recambio;

28. «maquinaria móbil non de estrada facilitada exclusivamente para usos profesionais»: maquinaria cunha fonte de alimentación incorporada, cuxo funcionamento require mobilidade ou movemento continuo ou semicontinuo entre unha sucesión de lugares de traballo fixos mentres funciona, e que se destina a un uso exclusivamente profesional.

#### Artigo 4. *Autoridades de vixilancia do mercado.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por autoridades de vixilancia do mercado as que se designen en desenvolvemento das previsións contidas no capítulo III do Regulamento CE 765/2008, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos, sen prexuízo das especificacións contidas nos puntos seguintes.

2. As autoridades de vixilancia do mercado, no seu respectivo ámbito competencial, son as responsables das actuacións, adopción de medidas e coordinación para velar por que os AEE cumpran as disposicións que lles sexan aplicables e por que, en calquera caso, estes aparellos non entrañen ningún risco para a saúde humana, a seguridade dos usuarios, o ambiente ou outros intereses públicos.

3. A autoridade de vixilancia do mercado de equipamentos de telecomunicación corresponde ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, de conformidade co artigo 39 do Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, e co artigo 15.1 do Real decreto 1580/2006, do 22 de decembro, polo que se regula a compatibilidade electromagnética dos equipamentos eléctricos e electrónicos.

4. As autoridades de vixilancia do mercado en materia de seguridade dos produtos serán as previstas no artigo 13 do Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos.

5. As autoridades de vixilancia do mercado en relación co control previo á importación serán as previstas no artigo 2.1 do Real decreto 330/2008, do 29 de febreiro,

polo que se adoptan medidas de control respecto ás normas aplicables en materia de seguridade dos produtos, para os produtos incluídos no anexo I do presente real decreto.

6. Corresponderá ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, no ámbito das súas competencias, determinar as súas autoridades de vixilancia do mercado. Igualmente poderán establecer mecanismos de colaboración, cooperación e coordinación cos municipios nesta materia. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla comunicarán estes datos, así como calquera modificación posterior, á autoridade de vixilancia do mercado da Administración xeral do Estado que corresponda, co fin de posibilitar, mediante o procedemento establecido, a comunicación desta información á Comisión Europea.

7. Estas previsións entenderanse sen prexuízo das competencias das autoridades aduaneiras, se for o caso.

#### Artigo 5. *Vixilancia do mercado.*

As actividades de vixilancia do mercado dos AEE introducidos no mercado nacional organizaranse e levaranse a cabo de conformidade cos artigos 15 a 29 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derrogan o Regulamento (CEE) n.º 339/93 e as súas normas de desenvolvemento.

## CAPÍTULO II

### Prevenición

#### Artigo 6. *Medidas de prevención.*

1. Queda prohibida a introdución no mercado dos AEE, incluídos os cables e as pezas de recambio destinados á súa reparación, á súa reutilización, á actualización das súas funcións ou á mellora da súa capacidade, que conteñan as substancias mencionadas no anexo II en cantidades que superen os valores máximos de concentración en peso de materiais homoxéneos que figuran nel.

2. O número 1 non se aplicará ás pezas de recambio reutilizadas procedentes de AEE introducidos no mercado antes do 1 de xullo de 2006 como parte de aparellos comercializados antes do 1 de xullo de 2016, sempre que a reutilización se enmarque en sistemas de recuperación interempresas de circuíto pechado que poidan ser obxecto de control e que a reutilización das ditas pezas se lle notifique ao consumidor.

3. Quedan exentas da prohibición establecida no número 1 as aplicacións dos anexos III e IV.

#### Artigo 7. *Solicitude de concesión, prórroga ou revogación de exención.*

1. O fabricante, o seu representante autorizado ou calquera axente económico da cadea de fornecemento deberá presentar ante a Comisión Europea a correspondente solicitude de concesión, prórroga ou revogación de exención de aplicación das restricións á utilización de substancias perigosas nos AEE, de acordo co previsto no anexo V.

2. As solicitudes de prórroga dunha exención deberán presentarse, como máis tarde, dezoito meses antes da expiración da exención. A exención existente seguirá sendo válida ata que a Comisión adopte unha decisión sobre a solicitude de prórroga.

3. No caso de que a solicitude de prórroga dunha exención se denegue ou de que a Comisión revogue unha exención, a dita exención expirará tras un período de tempo de duración mínima de doce meses e máxima de dezoito meses contados a partir da decisión.



## CAPÍTULO III

### Obrigas dos axentes económicos

#### Artigo 8. *Obrigas dos fabricantes.*

Os fabricantes de AEE deberán:

a) Garantir que soamente se introducen no mercado os AEE deseñados e fabricados de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 6.

b) Elaborar a documentación técnica requirida e realizar ou encargar a realización do procedemento de control interno conforme o módulo A do anexo II da Decisión n.º 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo, sobre un marco común para a comercialización dos produtos e pola que se derroga a Decisión n.º 93/465/CEE do Consello.

c) Elaborar unha declaración UE de conformidade e colocar a marcación CE sobre o produto final cando se demostrase que os AEE cumpren os requisitos aplicables mediante o procedemento sinalado na alínea b). Cando outra normativa da Unión Europea requira a aplicación dun procedemento de avaliación da conformidade que sexa polo menos igual de estrito, poderase demostrar no contexto do mencionado procedemento o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6.1 deste real decreto.

d) Conservar a documentación técnica e a declaración UE de conformidade durante un período de dez anos despois da introdución no mercado do AEE.

e) Manter a conformidade da produción en serie mediante os procedementos que resulten adecuados, tendo en conta os cambios no deseño ou as características dos AEE, os cambios nas normas harmonizadas ou as especificacións técnicas de acordo coas cales se declara a conformidade dun produto.

f) Manter un rexistro dos AEE non conformes e dos produtos recuperados e manter informados os distribuidores ao respecto.

g) Identificar os seus AEE cun número de tipo, lote ou serie ou calquera outro elemento que permita a súa identificación. Se o tamaño ou a natureza do AEE non o permiten, deberán proporcionar a información requirida no envase ou nun documento que acompañe o AEE.

h) Indicar o seu nome, nome comercial rexistrado ou marca comercial rexistrada e o seu enderezo de contacto no AEE ou, cando non sexa posible, no seu envase ou nun documento que o acompañe. A dirección deberá indicar un punto único en que se poida contactar co fabricante. Cando outras normas da Unión Europea relativas á colocación do nome e o enderezo do fabricante sexan polo menos tan estritas, aplicaranse esas disposicións.

i) Cando consideren ou teñan motivos para pensar que un AEE que introduciron no mercado non é conforme con este real decreto:

1.º Adoptar inmediatamente as medidas correctoras necesarias para facer que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo se procede;

2.º Informar inmediatamente disto as autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que comercializasen o AEE en cuestión, e

3.º Dar detalles sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

j) Facilitar, logo de requirimento motivado da autoridade nacional competente, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do AEE con este real decreto nunha lingua que poida comprender facilmente a dita autoridade, e cooperar con esta, por pedimento seu, en calquera acción destinada a asegurar que os AEE que introduciron no mercado cumpren este real decreto.

## Artigo 9. *Obrigas dos representantes autorizados.*

1. Os fabricantes poderán designar, mediante mandato escrito, un representante autorizado. As obrigas establecidas no artigo 8 a) e a elaboración da documentación técnica non formarán parte do mandato do representante autorizado.

2. Os representantes autorizados deberán levar a cabo as tarefas especificadas no mandato recibido do fabricante, que serán como mínimo as seguintes:

a) Manter a declaración UE de conformidade e a documentación técnica á disposición das autoridades nacionais de vixilancia durante un período de dez anos a partir da introdución no mercado dos AEE.

b) Facilitar, logo de requirimento motivado da autoridade nacional competente, a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade dun AEE con este real decreto.

c) Cooperar coas autoridades competentes, por pedimento destas, en calquera acción destinada a asegurar que os AEE obxecto do seu mandato cumpren este real decreto.

## Artigo 10. *Obrigas dos importadores.*

Os importadores de AEE deberán:

a) Garantir que soamente se introducen no mercado da Unión Europea os AEE que cumpren este real decreto.

b) Asegurarse, antes de introducir un AEE no mercado, de que o fabricante levou a cabo a debida avaliación de conformidade e garantir, ademais, que o fabricante elaborou a documentación técnica e respectou os requisitos enunciados no artigo 8.f) e g), e que o aparello leva a marca CE e vai acompañado dos documentos necesarios.

c) Non introducir no mercado un AEE cando consideren ou teñan motivos para crer que non é conforme co artigo 6, tendo que informar o fabricante así como as autoridades de vixilancia do mercado para obter a conformidade.

d) Indicar o seu nome, o seu nome comercial rexistrado ou marca comercial rexistrada e o seu enderezo de contacto no AEE ou, cando non sexa posible, no seu envase ou nun documento que o acompañe. Cando outras normas da Unión Europea relativas á colocación do nome e o enderezo do importador sexan polo menos tan estritas, aplicaranse esas disposicións.

e) Levar un rexistro dos AEE non conformes e dos AEE recuperados e manter informados os distribuidores ao respecto.

f) Cando consideren ou teñan motivos para pensar que un AEE que introduciron no mercado non é conforme con este real decreto:

1.º Adoptar inmediatamente as medidas correctoras necesarias para facer que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo se procede;

2.º Informar inmediatamente disto as autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que comercializasen o AEE en cuestión, e

3.º Dar detalles sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

g) Manter durante un período de dez anos, a partir da comercialización dun AEE, unha copia da declaración UE de conformidade con este real decreto á disposición das autoridades de vixilancia do mercado e asegurarse de que, logo de petición, as ditas autoridades reciban unha copia da documentación técnica.

h) Facilitarlle á autoridade nacional competente, logo de solicitude motivada, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade dun AEE con este real decreto nunha lingua que poida comprender facilmente a dita autoridade e que cooperen con esta, por pedimento seu, en calquera acción destinada a asegurar que os AEE que introduciron no mercado cumpren este real decreto.

## Artigo 11. *Obrigas dos distribuidores.*

Os distribuidores de AEE deberán:

a) Actuar antes de introducir un AEE no mercado co debido coidado en relación cos requisitos aplicables, en particular, verificar que leve a marca CE e vaia acompañado dos documentos necesarios nunha lingua facilmente comprensible para os consumidores e outros usuarios finais do Estado membro en que se vaia comercializar o AEE e que o fabricante e o importador respectasen os requisitos enunciados no artigo 8.g) e h), e no artigo 10.d).

b) Non introducir no mercado un AEE cando consideren ou teñan motivos para crer que non é conforme co artigo 6, tendo que informar o fabricante así como as autoridades de vixilancia do mercado para obter a conformidade.

c) Cando consideren ou teñan motivos para pensar que un AEE que introduciron no mercado non é conforme con este real decreto:

1.º Adoptar inmediatamente as medidas correctoras necesarias para facer que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo se procede;

2.º Informar inmediatamente disto as autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que comercializasen o AEE en cuestión, e

3.º Dar detalles sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

d) Facilitar, sobre a base dunha solicitude motivada da autoridade nacional competente, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade dos AEE con este real decreto e cooperar coa dita autoridade, por pedimento seu, en calquera acción destinada a asegurar que os AEE que introduciron no mercado cumpren este real decreto.

## Artigo 12. *Casos en que as obrigas dos fabricantes se aplican aos importadores e aos distribuidores.*

Considerarase fabricante e, por conseguinte, suxeito ás obrigas relacionadas no artigo 8, un importador ou distribuidor cando introduza un AEE no mercado co seu nome ou marca comercial ou modifique un AEE que xa se introduciuse no mercado de forma que poida quedar afectada a súa conformidade cos requisitos aplicables.

## Artigo 13. *Identificación dos axentes económicos.*

Os axentes económicos deberán identificar, logo de solicitude, ante as autoridades de vixilancia do mercado e durante dez anos tras a comercialización dun AEE:

a) A calquera axente económico que lles subministrase un AEE.

b) A calquera axente económico ao cal subministrasen un AEE.

## CAPÍTULO IV

### **Declaración UE de conformidade e marcación CE**

## Artigo 14. *Declaración UE de conformidade.*

1. Na declaración UE de conformidade constará que se cumpren os requisitos especificados no artigo 6.

2. A declaración UE de conformidade axustarase ao modelo establecido, conterá os elementos especificados no anexo VI e manterase actualizada. Traducirase para a lingua ou linguas requiridas polo Estado membro en cuxo mercado se introduza ou se comercialice o produto.

Cando outra normativa da Unión Europea requira a aplicación dun procedemento de avaliación da conformidade que sexa polo menos igual de estrito, poderase demostrar no

mencionado procedemento o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6.1 e poderá elaborarse unha única documentación técnica.

3. Ao elaborar unha declaración UE de conformidade, o fabricante asumirá a responsabilidade da conformidade do AEE con este real decreto.

#### Artigo 15. *Principios xerais da marcación CE.*

A marcación CE estará suxeita aos principios xerais establecidos no artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos.

#### Artigo 16. *Regras e condicións para a colocación da marcación CE.*

1. A marcación CE colocarse no AEE final ou na súa placa de datos de maneira visible, lexible e indeleble. Cando isto non sexa posible ou non se poida garantir debido á natureza do AEE, colocarse na embalaxe e nos documentos adxuntos.

2. A marcación CE colocarse antes da introdución do AEE no mercado.

#### Artigo 17. *Presunción de conformidade.*

1. Salvo proba en contra, presumirase que os AEE que leven a marcación CE cumpren o disposto no presente real decreto.

2. Así mesmo, presumirase que os materiais, compoñentes e AEE que fosen sometidos a probas e medicións que demostren a súa conformidade cos requisitos establecidos no artigo 6 ou que fosen avaliados de acordo con normas harmonizadas, cuxas referencias se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea» cumpren todos os requisitos deste real decreto.

## CAPÍTULO V

### **Réxime de inspección, control e sanción**

#### Artigo 18. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do establecido no presente real decreto sancionarse de conformidade co réxime de infraccións e sancións establecido no Real decreto legislativo 1/2007, do 16 novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, así como de conformidade coas normas autonómicas de aplicación na materia, coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e coa Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

As autoridades competentes para realizar as inspeccións, controis, adopción de medidas e imposición de sancións correspondentes serán as autoridades de vixilancia no mercado ou as autoridades competentes en función da materia.

#### Disposición adicional única. *Aplicación doutra normativa.*

Este real decreto aplicarase sen prexuízo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como da normativa de produtos químicos, en particular o Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH) e polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derrogan o Regulamento CEE n.º 793/93 do Consello e o Regulamento CE 1488/94 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión.

Así mesmo, aplicarase sen prexuízo da normativa específica sobre a xestión dos residuos.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para determinados AEE.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 6.2 e a disposición derradeira terceira, poderán seguir comercializándose ata o 22 de xullo de 2019 aqueles AEE non conformes co presente real decreto sempre que non estivesen incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio relativo ás autoridades competentes en materia de vixilancia do mercado.*

Mentres non se desenvolvan as previsións do Regulamento CE 765/2008, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos, relativas á determinación das autoridades nacionais de vixilancia do mercado, estas competencias continuarán exercéndose os órganos que ata o momento as teñan atribuídas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o artigo 3.a) e o anexo II do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto ten natureza de lexislación básica de acordo co establecido na Constitución nos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> relativo ás bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; no 149.1.16.<sup>a</sup> relativo ás bases da sanidade, e no 149.1.23.<sup>a</sup> de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos.

Tamén se incorporan a Directiva delegada 2012/50/UE da Comisión, do 10 de outubro de 2012, que modifica, para adaptalo ao progreso técnico, o anexo III da Directiva 2011/65/UE no relativo a unha exención para aplicacións que conteñen chumbo, e a Directiva delegada 2012/51/UE que modifica, para adaptalo ao progreso técnico, o anexo III da Directiva 2011/65/UE no relativo a unha exención para aplicacións que conteñen cadmio.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación diferida.*

O artigo 6.1 aplicarase aos AEE que se citan a seguir a partir do prazo indicado en cada letra:

- a) Produtos sanitarios e instrumentos de vixilancia e control que se introduzan no mercado a partir do 22 de xullo de 2014.
- b) Produtos sanitarios para diagnóstico *in vitro* que se introduzan no mercado a partir do 22 de xullo de 2016.
- c) Instrumentos industriais de vixilancia e control que se introduzan no mercado a partir do 22 de xullo de 2017.
- d) Instrumentos de vixilancia e control introducidos no mercado antes do 22 de xullo de 2014.

e) Instrumentos industriais de vixilancia e control introducidos no mercado antes do 22 de xullo de 2017.

f) AEE que se beneficiaban dunha exención e se introduciron no mercado antes de que expirase a exención, na medida en que afecte esta exención específica.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento, aplicación e adaptación do real decreto.*

1. Os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Industria, Enerxía e Turismo; e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade ditarán, conxunta ou separadamente segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que exixan o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

2. Facúltanse os ministros de Industria, Enerxía e Turismo; de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para, nos mesmos termos do número anterior, introduciren neste real decreto e, en particular, nos seus anexos, cantas modificacións de carácter técnico fosen precisas para mantelo adaptado ás innovacións técnicas que se produzan e especialmente ao disposto na normativa comunitaria.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

### Categorías de AEE cubertas por este real decreto

1. Grandes electrodomésticos.
2. Pequenos electrodomésticos.
3. Equipamentos de informática e telecomunicacións.
4. Aparellos de consumo.
5. Dispositivos de iluminación.
6. Ferramentas eléctricas e electrónicas.
7. Xoguetes, artigos deportivos e de lecer.
8. Produtos sanitarios.
9. Instrumentos de vixilancia e control, incluídos os instrumentos industriais de vixilancia e control.
10. Máquinas expendedoras.
11. Outros AEE non cubertos por ningunha das categorías anteriores.

## ANEXO II

### Sustancias restrinxidas establecidas no artigo 6.1 e valores máximos de concentración tolerables en peso en materiais homoxéneos

- Chumbo (0,1 %).
- Mercurio (0,1 %).
- Cadmio (0,01 %).
- Cromo hexavalente (0,1 %).

Polibromobifenilos (PBB) (0,1 %).  
Polibromodifeniléteres (PBDE) (0,1 %).

### ANEXO III

#### Aplicacións exentas da restrición do artigo 6.1

1. Mercurio en lámpadas fluorescentes de casco único (compactas) sen exceder (por queimador):

1.a) Para usos xerais de iluminación < 30 W: 5 mg: expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 3,5 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011 ata o 31 de decembro de 2012; poderán utilizarse 2,5 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2012.

1.b) Para usos xerais de iluminación  $\geq 30$  W e < 50 W: 5 mg: expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 3,5 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

1.c) Para usos xerais de iluminación  $\geq 50$  W e < 150 W: 5 mg | |.

1.d) Para usos xerais de iluminación  $\geq 150$  W: 15 mg | |.

1.e) Para usos xerais de iluminación con forma de estrutura circular ou cadrada e diámetro do tubo  $\leq 17$  mm: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 7 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

1.f) Para usos especiais: 5 mg.

2.a) Mercurio en lámpadas fluorescentes lineais de casco dobre para usos xerais de iluminación sen exceder (por lámpada):

2.a).1.º Fósforo de tres bandas con vida útil normal e diámetro do tubo < 9 mm (por exemplo, T2): 5 mg. Expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 4 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

2.a).2.º Fósforo de tres bandas con vida útil normal e diámetro do tubo  $\geq 9$  mm e  $\leq 17$  mm (por exemplo, T5): 5 mg: expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 3 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

2.a).3.º Fósforo de tres bandas con vida útil normal e diámetro do tubo > 17 mm e  $\leq 28$  mm (por exemplo, T8): 5 mg: expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 3,5 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

2.a).4.º Fósforo de tres bandas con vida útil normal e diámetro do tubo > 28 mm (por exemplo, T12): 5 mg: expira o 31 de decembro de 2012; poderán utilizarse 3,5 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2012.

2.a).5.º Fósforo de tres bandas con vida útil longa ( $\geq 25000$  h): 8 mg: expira o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 5 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

2.b) Mercurio noutras lámpadas fluorescentes sen exceder (por lámpada):

2.b).1.º Lámpadas de halofosfato lineais con diámetro do tubo > 28 mm (por exemplo, T10 e T12): 10 mg: expira o 13 de abril de 2012.

2.b).2.º Lámpadas de halofosfato non lineais (calquera diámetro): 15 mg: expira o 13 de abril de 2016.

2.b).3.º Lámpadas de fósforo de tres bandas non lineais con diámetro do tubo > 17 mm (por exemplo, T9): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 15 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

2.b).4.º Lámpadas para outros usos xerais de iluminación e usos especiais (por exemplo, lámpadas de indución): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 15 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

3. Mercurio en lámpadas fluorescentes de cátodo frío e lámpadas fluorescentes de eléctrodo externo (CCFL e EEFL) para usos especiais sen exceder (por lámpada):

3.a) Lonxitude pequena ( $\leq 500$  mm): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 3,5 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

3.b) Lonxitude media ( $> 500$  mm e  $\leq 1500$  mm): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 5 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

3.c) Lonxitude grande ( $> 1500$  mm): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 13 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

4.a) Mercurio noutras lámpadas de descarga de baixa presión (por lámpada): sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 15 mg por lámpada despois do 31 de decembro de 2011.

4.b) Mercurio en lámpadas de (vapor de) sodio de alta presión para usos xerais de iluminación, en lámpadas con índice de rendemento de color mellorado ( $R_a > 60$ ), sen exceder (por queimador):

4.b).1.º  $P \leq 155$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 30 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.b).2.º  $155$  W  $< P \leq 405$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 40 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.b).3.º  $P > 405$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 40 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.c) Mercurio noutras lámpadas de (vapor de) sodio de alta presión para usos xerais de iluminación sen exceder (por queimador):

4.c).1.º  $P \leq 155$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 25 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.c).2.º  $155$  W  $< P \leq 405$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 30 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.c).3.º  $P > 405$  W: sen limitación de uso ata o 31 de decembro de 2011; poderán utilizarse 40 mg por queimador despois do 31 de decembro de 2011.

4.d) Mercurio en lámpadas de (vapor de) mercurio de alta presión (HPMV): expira o 13 de abril de 2015.

4.e) Mercurio en lámpadas de haluros metálicos (MH) |.

4.f) Mercurio noutras lámpadas de descarga para usos especiais non mencionadas especificamente no presente anexo.

5.a) Chumbo no vidro dos tubos de raios catódicos.

5.b) Chumbo no vidro dos tubos fluorescentes sen exceder o 0,2 % en peso.

6.a) Chumbo como elemento de aliaxe en aceiro para fins de mecanizado e aceiro galvanizado que conteñan ata un 0,35 % do seu peso en chumbo.

6.b) Chumbo como elemento de aliaxe en aluminio que conteña ata un 0,4 % do seu peso en chumbo.

6.c) Aliaxe de cobre que conteña ata un 4 % do seu peso en chumbo.

7.a) Chumbo en pastas de soldadura de alta temperatura de fusión (é dicir, aliaxes de chumbo que conteñan en peso un 85 % de chumbo ou máis).

7.b) Chumbo en pastas de soldadura para servidores, sistemas de almacenamento e matrices de almacenamento, equipamentos de infraestrutura de redes para conmutación, sinalización, transmisión e xestión de redes no ámbito das telecomunicacións.

7.c).1.º Compoñentes eléctricos e electrónicos que conteñan chumbo nun vidro ou cerámica dun tipo distinto da cerámica dieléctrica de condensadores, por exemplo, dispositivos piezoeléctricos, ou nun composto de matrices de vidro ou cerámica.



7.c).2.º Chumbo en cerámica dieléctrica de condensadores para unha tensión nominal de 125 V CA ou 250 V CC ou superior.

7.c).3.º Chumbo en cerámica dieléctrica de condensadores para unha tensión nominal inferior a 125 V CA ou 250 V CC: expira o 1 de xaneiro de 2013 e tras esta data poderá utilizarse en pezas de recambio para AEE comercializados antes do 1 de xaneiro de 2013.

7.c).4.º Chumbo en materiais cerámicos dieléctricos PZT de condensadores que forman parte de circuitos integrados ou semicondutores integrados. Expira o 21 de xullo de 2016.

8.a) Cadmio e os seus compostos en protectores térmicos do tipo de masa de fusión, dun só uso: expira o 1 de xaneiro de 2012 e tras esta data poderá utilizarse en pezas de recambio para AEE comercializados antes do 1 de xaneiro de 2012.

8.b) Cadmio e os seus compostos en contactos eléctricos.

9.a) Cromo hexavalente como protección anticorrosiva para os sistemas de refrixeración de aceiro ao carbono en frigoríficos de absorción, ata un máximo do 0,75 % en peso na solución refrixerante.

9.b) Chumbo en chumaceiras e pistóns para compresores que conteñen refrixerante para aplicacións de calefacción, ventilación, acondicionamento de aire e refrixeración (HVACR).

11.a) Chumbo utilizado en sistemas de conectores de pins C-press que se axusten ás normas: pode utilizarse nas pezas de recambio para AEE comercializados antes do 24 de setembro de 2010.

11.b) Chumbo utilizado en aplicacións distintas dos sistemas de conectores de pins do tipo C-press que se axusten ás normas: expira o 1 de xaneiro de 2013 e tras esta data poderá utilizarse en pezas de recambio para AEE comercializados antes do 1 de xaneiro de 2013.

12. Chumbo como material de recubrimento do anel en «c» (c-ring) dos módulos de conducción térmica: pode utilizarse nas pezas de recambio para AEE comercializados antes do 24 de setembro de 2010.

13.a) Chumbo en vidros brancos utilizados para aplicacións ópticas.

13.b) Cadmio e chumbo en vidros filtrantes e vidros utilizados para patróns de reflectancia.

14. Chumbo en pastas de soldadura dotadas de máis de dous elementos para a conexión entre os pins e a cápsula dos microprocesadores e que conteñan en peso máis dun 80 % de chumbo e menos dun 85 %: expirou o 1 de xaneiro de 2011 e tras esta data poderá utilizarse en pezas de recambio para AEE comercializados antes do 1 de xaneiro de 2011.

15. Chumbo en pastas de soldadura deseñadas para crear unha conexión eléctrica viable entre o cubo de semiconductor e o portador en cápsulas de circuito integrado *flip-chip*.

16. Chumbo en lámpadas incandescentes lineais con tubos recubertos de silicato |. expira o 1 de setembro de 2013.

17. Haluro de chumbo empregado como axente radiante en lámpadas de descarga de alta intensidade (HID) utilizadas en aplicacións de reprografía profesionais.

18.a) Chumbo empregado como activador no po fluorescente (ata o 1 % de chumbo en peso) das lámpadas de descarga utilizadas como lámpadas para usos especiais, como a reprografía con impresión diazoica, a litografía, as trampas para insectos e os procesos fotoquímicos e de curado, que conteñan fósforos tales como SMS [(Sr,Ba)2MgSi2O7:Pb]: expirou o 1 de xaneiro de 2011.

18.b) Chumbo empregado como activador no po fluorescente (ata o 1 % de chumbo en peso) das lámpadas de descarga utilizadas como lámpadas de bronceado que conteñan fósforos tales como BSP (BaSi<sub>2</sub>O<sub>5</sub>:Pb).

19. Chumbo con PbBiSn-Hg e PbInSn-Hg en composicións específicas como amálgama principal e con PbSn-Hg como amálgama auxiliar en lámpadas de baixo consumo enerxético (ESL) moi compactas. Expira o 1 de xuño de 2011.

20. Óxido de chumbo presente no vidro empregado para unir os substratos anterior e posterior das lámpadas fluorescentes planas utilizadas nas pantallas de cristal líquido (LCD): expira o 1 de xuño de 2011.

21. Chumbo e cadmio en tintas de impresión para a aplicación de esmaltes en vidros, tales como o vidro borosilicatado e o vidro sódico-cálcico.

23. Chumbo en acabamentos de compoñentes de paso fino distintos dos conectores cun paso igual ou inferior a 0,65 mm: pode utilizarse nas pezas de recambio para AEE comercializados antes do 24 de setembro de 2010.

24. Chumbo en pastas de soldadura para soldar a condensadores cerámicos multicapa dispostos en planos e discos con trades mecanizados.

25. Óxido de chumbo en pantallas de emisores de electróns con condución en superficie (SED), utilizado en elementos estruturais, como a soldadura fritada e o anel de frita.

26. Óxido de chumbo na cápsula de cristal das lámpadas de luz negra azul: expira o 1 de xuño de 2011.

27. Aliaxes de chumbo como pastas de soldadura para transdutores utilizados en altosfalantes de potencia elevada (deseñados para funcionar durante varias horas a niveis de potencia acústica de 125 dB SPL ou máis): expirou o 24 de setembro de 2010.

29. Chumbo en vidro cristal conforme a definición do Real decreto 168/1988, do 26 de febreiro, polo que se establecen determinadas condicións técnicas para o vidro-cristal.

30. Aliaxes de cadmio como xuntas de soldadura eléctrica/mecánica de condutores eléctricos situados directamente na bobina móbil dos transdutores utilizados en altosfalantes de gran potencia cun nivel de presión acústica de 100 dB (A) e superior.

31. Chumbo en materiais de soldadura de lámpadas fluorescentes planas sen mercurio (que se utilizan, por exemplo, en pantallas de cristal líquido e en iluminación de deseño ou industrial).

32. Óxido de chumbo na frita de selaxe utilizada para facer montaxes de fiestra para tubos láser de argon e cripton.

33. Chumbo en pastas de soldadura para soldar arames finos de cobre dun diámetro igual ou inferior a 100 µm en transformadores eléctricos.

34. Chumbo en elementos de cerametal dos potenciómetros de axuste.

36. Mercurio utilizado como inhibidor de pulverización catódica en pantallas de plasma de corrente continua, cun contido máximo de 30 mg por pantalla: expira o 1 de xullo de 2010.

37. Chumbo da capa de revestimento dos díodos de alta tensión sobre a base dun bloque de vidro de borato de zinc.

38. Cadmio e óxido de cadmio nas pastas de película grosa utilizadas no óxido de berilio aliado con aluminio.

39. Cadmio en díodos fotoemisores (LED) II-VI de conversión de color (< 10 µg de Cd por mm de superficie fotoemisora) que se empregan en sistemas de iluminación ou visualización de semicondutores: expira o 1 de xullo de 2014.

40. Cadmio en fotorresistencias para optoacopladores analóxicos utilizados en equipamentos de audio profesionais. Expira o 31 de decembro de 2013.

## ANEXO IV

**Aplicacións exentas da restrición do artigo 6.1, específica para os produtos sanitarios e os instrumentos de vixilancia e control**

Equipamentos que utilicen ou detecten radiacións ionizantes:

1. Chumbo, cadmio e mercurio en detectores de radiacións ionizantes.
2. Rodamentos de chumbo en tubos de raios X.
3. Chumbo en dispositivos de amplificación de radiacións electromagnéticas: placa microcanal e placa capilar.
4. Chumbo en frita de vidro dos tubos de raios X e intensificadores de imaxe e chumbo en aglutinante de frita de vidro para a ensamblaxe de láseres de gas e tubos de baleiro que convertan as radiacións electromagnéticas en electróns.
5. Chumbo en blindaxe para radiacións ionizantes.
6. Chumbo en obxectos de proba de raios X.
7. Cristais de difracción de raios X de estearato de chumbo.
8. Fonte de isótopo radioactivo de cadmio para espectómetros portátiles de fluorescencia de raios X.

Sensores, detectores e eléctrodos:

- 1a. Chumbo e cadmio en eléctrodos selectivos de ións incluído o vidro de eléctrodos de pH.
- 1b. Ánodos de chumbo en sensores electroquímicos de oxíxeno.
- 1c. Chumbo, cadmio e mercurio en detectores de infravermellos.
- 1d. Mercurio en eléctrodos de referencia: cloruro de mercurio de baixo contido en cloruro, sulfato de mercurio e óxido de mercurio.

Outros:

9. Cadmio en láseres de helio e cadmio.
10. Chumbo e cadmio en lámpadas de espectroscopia de absorción atómica.
11. Chumbo en aliaxes como superconductor e condutor térmico en MRI.
12. Chumbo e cadmio en enlaces metálicos para materiais superconductores en detectores de MRI e SQUID.
13. Chumbo en contrapesos.
14. Chumbo en materiais de cristais piezoeléctricos sinxelos para transdutores ultrasónicos.
15. Chumbo en soldaduras para unir a transdutores ultrasónicos.
16. Mercurio en condensadores de moi elevada precisión e pontes de medición de perdas e en interruptores e repetidores RF de alta frecuencia en instrumentos de vixilancia e control que non superen os 20 mg de mercurio por interruptor ou repetidor.
17. Chumbo en soldaduras de desfibriladores portátiles de emerxencia.
18. Chumbo en soldaduras de módulos de imaxes infravermellas de alto rendemento para detectar unha gama comprendida entre 8 e 14  $\mu\text{m}$ .
19. Chumbo en cristal líquido sobre pantallas de silicio (LcoS).
20. Cadmio en filtros de medida de raios X.

## ANEXO V

**Solicitudes de concesión, prórroga e revogación de exencións segundo o disposto no artigo 7**

As solicitudes de exención, renovación de exencións ou, *mutatis mutandis*, de revogación dunha exención poden presentalas un fabricante, o seu representante autorizado ou calquera axente económico da cadea de fornecemento e conterán, como mínimo, os datos seguintes:

- a) o nome, o enderezo e o enderezo de contacto do solicitante;
- b) información sobre o material ou compoñente e os usos específicos da substancia contida no material ou compoñente para os cales se solicita unha exención, ou a súa revogación, así como as súas características particulares;
- c) unha xustificación verificable e documentada da exención, ou a súa revogación, de acordo coas condicións definidas no artigo 7.3;
- d) unha análise das posibles substancias alternativas, materiais ou deseños sobre a base dun ciclo de vida, con inclusión, de estaren dispoñibles, de información sobre estudos independentes, estudos de avaliación inter pares, actividades de desenvolvemento do solicitante e unha análise da dispoñibilidade das ditas alternativas;
- e) información sobre a posible preparación para a reutilización e a reciclaxe de materiais de residuos de AEE, e sobre as disposicións relativas ao tratamento adecuado dos residuos de acordo co anexo II da Directiva 2012/19/UE;
- f) outra información pertinente;
- g) as accións propostas polo solicitante para desenvolver, solicitar o desenvolvemento ou aplicar as posibles alternativas, incluído un calendario para as ditas accións;
- h) se é o caso, unha indicación da información que se teña que considerar protexida por dereitos de propiedade industrial, acompañada dunha xustificación verificable;
- i) ao solicitar unha exención, unha proposta relativa a unha redacción clara e precisa da exención;
- j) un resumo da solicitude.

#### ANEXO VI

##### Declaración UE de conformidade

1. N.º..... (identificación única do AEE):.....
2. Nome e enderezo do fabricante ou do seu representante autorizado:.....
3. A presente declaración de conformidade expídese baixo a exclusiva responsabilidade do fabricante (ou instalador):.....
4. Obxecto da declaración (identificación do AEE que permita a rastrexabilidade. Poderá incluír unha foto se procede):.....
5. O obxecto da declaración descrito anteriormente é conforme coa Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos.
6. Se procede, referencias ás normas harmonizadas pertinentes utilizadas, ou referencias ás especificacións técnicas respecto ás cales se declara a conformidade:.....
7. Información adicional.

Asinado por e en nome de:

(lugar e data de expedición)

(nome, cargo) (sinatura)